

O mantedor Antón Baamonde anima aos vilalbeses a ser críticos co poder

► O profesor de Filosofía lembrou todo o aprendido de mozo na capital chairega nunha intervención que pechou o acto de entrega de premios do XL Certame Literario

C.P.R.

VILALBA. O profesor de Filosofía e escritor Antón Baamonde foi o eleixido este ano como mantedor das festas de San Ramón e Santa María, nun dos días más solemnes dos festexos vilalbeses, no que se nomean oficialmente as raíñas e as damas das festas e se fai entrega dos dous premios do Certame Literario. E ante todo ese público, o pregoeiro fixo un alegato a prol da crítica construtiva, animando aos presentes a ser críticos, porque «ao poder hai que darlle caña e poñerlle límites, eso é a democracia».

Baamonde asegurou que «dissentir, diferir, discrepan... é bo» e

lembrou os seus tempos da nenez e da mocidade en Vilalba onde, ademais de moitas outras cousas, aprendeu «a dialogar».

O mantedor lembrou aos seus amigos e tamén a outros personaxes vilalbeses cos que coincidiu e mesmo aos que non chegou a coñecer pero que teñen un gran peso na súa vida, coma o seu avó,

A xornada comezou coa imposición de bandas ás damas e ás raíñas das festas patronais de San Ramón e de Santa María

Antón García Hermida, fundador das Irmandades da Fala en Vilalba, dinamizador social e autor de 'Chareta', onde se recollían uns versos sobre o San Ramón, «estas festas tan sonadas».

«Haberá paro, crise e corrupción, pero nestes días que non falte a alegría», precisou Baamonde, case para rematar, animando a todos a gozar xuntos malia realidade actual.

Do pregoeiro non se esquerceron ningunha das dúas raíñas nos seus discursos, ademais de destacar a ilusión que lles fai asumir a responsabilidade de ser a imaxe das festas de Vilalba. «Dei chimpós de alegría», dixo Sandra

Seoane Trastoy, raíña infantil e filla dunha das componentes da comisión, que asegurou que xa falará con súa nai para que houbera moitas cousas para os máis pequenos». Pola súa banda, Janice López Castelo destacou a «antiga terra dos Andrade» coma un punto de encontro reforzado nas festas.

No acto celebrado no auditório Carmen Estévez e amenizado pola banda de música de Vilalba —que tamén acompañou a comitiva no paseo previo dende a casa da cultura e no desfile final— tamén recibiron os seus premios os dous gañadores do XL Certame Literario de Vilalba. Carlos López, galardoado cos 3.000 euros

do primeiro premio por 'Abrindo fiestas en carne viva', leu varios deses poemas que son como ventás ao mundo, mentres que María Isabel Vázquez, merecedora dos 1.000 euros do segundo premio por 'Cinza de estrelas', aseguraba que «unha lingua está a salvo se hai poesía».

Previamente, a casa da cultura acollía a imposición de bandas ás raíñas e as damas das festas, na que participaron os gañadores dos premios e o pregoeiro, así coma o alcalde, Gerardo Criado; os concelleiros Agustín Baamonde, Cheri Gradió e Jesús Bermúdez; o ex-presidente do Parlamento de Galicia, José María García Leira; e o capitán da Garda Civil de Vilalba, Francisco Javier Umpiérrez.

As celebracións do San Ramón continúan hoxe coa festa do patrón, nun día dedicado ao traxe rexional. Haberá misa na igrexa de Santa María ás 12.00 horas, seguida da procesión. Suavecito e Capitol tocarán na verbena e a Young Murajazz Big Band ofrecerá un concerto na Praza da Constitución ás 18.00 horas.



Arriba, actuación da banda no auditório e desfile por Vilalba. Abaixo, Antón Baamonde e Carlos López recollendo os premios e María Isabel Vázquez, na imposición de bandas. C. PÉREZ